II FORO RURAL TERRAS GAUDA

PERSPECTIVAS PARA AS PRINCIPAIS PRODUCIÓNS DO SECTOR AGROALIMENTARIO GALEGO: RETOS E OPORTUNIDADES

Jesús González Vázquez
Presidente do Consello Regulador das IXPs Ternera Gallega e Vaca Galega–Boi Galego
II Foro Rural Terras Gauda. O Rosal. 11 de setembro de 2026

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Importancia.-

- **A nivel social:**

  Polo nº de explotacións existentes (≈ 18.000 → ≈ 70 %).

  Pola súa incidencia na fixación de poboación no medio rural.

- **A nivel económico:**

  Pola súa participación na Produción Final Agraria (≈ 15 %).

  Principal actividade económica na 4ª parte dos concellos.

- **A nivel territorial e medioambiental:**

  Pola súa presenza en zonas de montaña e desfavorecidas.

  Pola súa influencia na redución dos incendios forestais.

  Polo mantemento do territorio e fomento da biodiversidade.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Importancia.-

- En Galicia hai aproximadamente 216.000 vacas de carne.
- Están sobre todo en explotacións de pequena dimensión:

O 65 % das explotacións teñen 0 - 9 vacas.

O 27 % das explotacións teñen 10 - 29 vacas.

Só un 8 % das explotacións teñen máis de 30 vacas.

- A maioría das explotacións de carne están situadas en zonas de montaña, media montaña e desfavorecidas do interior de Galicia.

Principalmente na provincia de Lugo: 55 %.

- Hai explotacións a tempo completo, a tempo parcial e "explotacións" onde a carne só é un complemento.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Distribución xeográfica



A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Distribución xeográfica

Densidad de población (personas/km²)



Indice de envejecimiento
(≥ 65 años/< 15 años x 100)



O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Importancia.-

Produción en Galicia de carne de vacún: 95.600 toneladas.

Galicia é a 3ª Comunidade no estado español.

Excesivo nº de industrias e escasa dimensión empresarial.

En consecuencia:

- Loxística comercial limitada.
- Pouca capacidade de innovación.

Só na IXP Ternera Gallega están inscritos:

- 23 matadoiro e 21 salas de despezamento.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Debilidades.-

- Idade avanzada dos titulares das explotacións.
- Falla de relevo xeracional.
- Escasa profesionalización do sector produtor.
- Pequeno tamaño e falla de estrutura empresarial na industria.
- A sostibilidade do sector depende moito das axudas da PAC.
- Predomina a comercialización xenérica, sen marcas.
- Percepción negativa da carne por certos sectores da sociedade.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Ameazas.-

- Diminución do consumo debido a Situación económica.
- Correntes de opinión en contra do vacún de carne:

Forza dos grupos anticarne: vexetarianos, animalistas, ...

Grandes grupos económicos: carne "vexetal" e "artificial".

Gases efecto invernadoiro: obxectivo carbono cero.

- Gobernos que se din ecoloxistas e partidos verdes nalgúns países da UE xa falan de gravar a produción de carne.
- Políticas erráticas e acordos comerciais da UE para importar a baixo custo carne con menos garantías: Mercosur, EE.UU., ...
- Futuro e modificacións das axudas da PAC.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Fortalezas.-

- Predomíneo das explotacións con vacas nais, que:

Respectan as prácticas produtivas tradicionais.

Apostan polo coidado e o benestar dos animais.

- Existencia de razas autóctonas de boa aptitude cárnica.

- Condicións edafolóxicas e climatolóxicas para producir forraxes.

Menores custos de alimentación dos animais.

En liña coas tendencias da nova PAC.

- Excelente calidade e imaxe da carne galega no mercado.

Non sempre significa bos prezos. Incluso provoca picaresca.

- Posicionamento da IXP TG como referencia en España e na UE.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: Oportunidades.-

- A gandaría de carne axuda a evitar a España vaciada.
- A gandaría de carne axuda a loitar contra o Cambio climático.
- A gandaría tradicional está en liña coa nova reforma da PAC e co Pacto Verde Europeo.
- Temos condicións para non depender de materias primas externas.
- A UE e os gobernos pretenden considerar aos agricultores e gandeiros como xestores do territorio.
- Importancia dos agricultores e gandeiros na UE como produtores de alimentos e como garantes da soberanía e seguridade alimentaria.
- Posta en marcha e aplicación da Lei da Cadea de Valor.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: As IXPs.-

En Galicia hai dúas Indicacións Xeográficas Protexidas no vacún de carne:

- **A IXP Ternera Gallega:**

Creouse en 1989. As súas funcións son o control e a promoción.

Recuperou a imaxe da carne galega e xera valor engadido para o sector.

Identificamos ≈ 135.000 tenreiros en ≈ 8.000 explotacións inscritas.

Certificamos ≈ 100.000 canais, que suman 23.000 tm de carne, cun valor en primeira venda de ≈ 180 M de €, que se comercializa en ≈ 1.600 p.v.

- **A IXP Vaca Galega / Boi Galego:**

Creouse no 2017 para potenciar e protexer a carne de vaca e boi.

Identificamos ≈ 30.000 vacas e 1.500 bois, en case 2.000 gandarías.

Certificamos ≈ 250 tm desta carne, cun valor de case 2 M de €.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: En resumo.-

- **A produción de carne de calidade, no marco da IXP Ternera Gallega, é unha OPORTUNIDADE REAL DE FUTURO para o sector agrario e cárnico galego.**

- **Galicia reúne todas as condicións para LIDERAR A PRODUCIÓN DE CARNE DE VACÚN DE CALIDADE EN ESPAÑA.**

Non podemos desaproveitar o noso potencial.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: UE-Mercosur.-

- O Acordo UE-Mercosur busca crear unha zona de libre comercio no marco da OMC, que afecta a todos os sectores (entre eles o agrícola).

- **Claves do Acordo:**
- Liberalización progresiva, con redución e/ou eliminación de aranceis.
- Acceso ao mercado condicionado: continxentes, regras de orixe, ...
- Mantemento da capacidade regulatoria, xa que a UE pode fixar normas de carácter sanitario, medioambientais e de benestar animal.
- Prohibicións de subvencións ás exportacións agrícolas.
- En resumo: o comercio vai estar máis aberto, pero máis regulado.
- E incluso máis seguro, grazas ás cláusulas de salvagarda.

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: UE-Mercosur.-

- **A carne de vacún e o Acordo con Mercosur:**

- Ata agora veñen entrando na UE preto de 200.000 tm de carne de vacún de Mercosur. Os aranceis da UE á carne de vacún, fóra de acordos preferenciais, rondan o 12,8 % máis un dereito aduaneiro específico por peso, que varía segundo o corte e o tipo de animal.

- O Acordo prevé que nos próximos 5 anos, poidan entrar no mercado europeo 99.000 tm cun arancel reducido do 7,5 %, sumando carne fresca (55 %) e carne conxelada (45 %).

Fóra desta cota, o resto da carne de vacún que entre o fará co arancel habitual da UE. Polo tanto, é unha liberalización parcial.

- Prevemos que o impacto sexa reducido, xa que:

  - 99.000 tm representan só o 1 – 1,5 % do consumo total da UE.
  - Pero hai que ver que cortes entran, segmentos de mercado, ...

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: UE-Mercosur.-

- O acordo con Mercosur vai facilitar a entrada no mercado europeo de carne de América do Sur, que ten uns custos de produción máis baixos, pero tamén uns menores requisitos en cuestións sanitarias e medioambientais.

- O Consello Regulador esixe ás Administracións salvagardas e controis reais e eficientes que eviten posibles situacións de competencia desleal, e incluso de seguridade alimentaria.

- Ademais, a UE vai aplicar cláusulas de salvagarda (moi importante) para evitar que o Acordo sexa unha ameaza para o sector de vacún de carne europeo. Na decisión de activalas está a clave. Farase:

- Se aumentan as importacións e varía a cota de mercado.

- Se causa dano grave ao sector: baixada de prezos, rendibilidade, ..

O VACÚN DE CARNE EN GALICIA: UE-Australia.-

- **O acordo contempla un continxente preferencial de 30.600 toneladas de carne de vacún (en peso canal equivalente), das cales:**

- O 55% estará libre de aranceis, baixo a condición de pastoreo.

- O 45% restante contará cun arancel reducido do 7,5 %.

- **Tamén hai Acordos con UE-Estados Unidos, que varían con frecuencia e segundo o momento político.**

CONSELLO REGULADOR DAS IXPs
TERNERA GALLEGA E VACA GALEGA–BOI GALEGO







MOITAS GRACIAS


TERNERA GALLEGA
UNHA CARNE DE ETIQUETA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
TERNERA GALLEGA
CONTRAETIQUETA DE CERTIFICACIÓN
TERNERA
NACIDO, CRIADO E SACRIFICADO EN: GALICIA-ESPAÑA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
TERNERA GALLEGA
CONTRAETIQUETA DE CERTIFICACIÓN
SUPREMA
NACIDO, CRIADO E SACRIFICADO EN: GALICIA-ESPAÑA
Eu Quéro
TERNERA GALLEGA · INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA ·
XUNTA DE GALICIA
FEADER
Europa invista no rural

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Os Produtores

- A produción de carne en Galicia faise seguindo a tradición e o saber facer dos nosos gandeiros, obtendo unha carne de excelente calidade.
- É un sector fundamental pola súa importancia socioeconómica e para o mantemento da poboación no medio rural máis desfavorecido.
- Tamén é fundamental pola súa labor medioambiental, no mantemento activo do territorio e na loita contra os incendios forestais.
- É necesario, e sempre se debe insistir:

No Relevo xeracional, para garantir a continuidade das explotacións.

No cumprimento da Lei da cadea de valor, para garantir a sostibilidade.

Na profesionalización e no manexo da reprodución ao longo do ano.

No fomento do asociacionismo e na mellora da comercialización.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: A Industria

- A industria cárnica galega é fundamental para o sector de vacún de carne, aínda que a súa pequena dimensión e escasa evolución tecnolóxica reducen de forma significativa a súa capacidade comercial e para atender os mercados.

- A súa posición é clave na cadea de valor, pero tamén difícil ao estar no medio entre a produción e a distribución. E sen esquecer a evolución constante que se ven producindo na industria cárnica española.

- É necesario:

O redimensionamento empresarial, que as faga máis competitivas.

A profesionalización da xestión e dos órganos directivos.

Apostar polo fileteado e polos elaborados cárnicos para cerrar o ciclo produtivo.

Unha maior loxística e capacidade comercial para atender o mercado.

Maior transparencia comercial e xeración de valor de marca.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: A Distribución

- A comercialización da carne de vacún é realmente complexa, xa que hai distintas categorías comerciais (tenreira, anello, vacún maior), diferentes pezas (solombo, lombo, croca, agulla, xarrete, falda, ...) e variados usos culinarios (á prancha, para cocer, para guisar, etc).

- En xeral, a distribución alimentaria en España está en moi poucas mans, o que lles da un gran poder de negociación á hora de fixar os prezos (tanto de compra como de venda).

- A nivel da distribución, é necesario:

Que a carne de vacún non sexa motivo de guerras de prezos.

Que comercialicen as diferentes pezas da canal.

Que teñan en conta a trazabilidade e a orixe da carne.

Que sexan transparentes na información dos consumidores.

- A restauración é clave na saída comercial de determinadas pezas.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Os Consumidores

- A carne de vacún desde sempre forma parte da dieta como un dos alimentos fundamentais para o noso ciclo vital. Os cidadáns ben informados e con criterio propio seguen apostando polo seu consumo.
- Aínda así, nos últimos anos proliferan correntes de opinión e tendencias contrarias ao consumo de carne (veganos, animalistas, ...). Tamén xurden informacións sesgadas en contra das producións gandeiras, relacionadas co medio ambiente, coa emisión de CO_2, etc.
- Pero o máis preocupante son os intentos de producir sucedáneos artificiais da carne, nos laboratorios de multinacionais con grandes intereses económicos, e pretender comercializalos como carne.
- Ao marxe desas tendencias e intereses, hai que decir que:

  A carne de vacún, nutritivamente é un dos alimentos máis completos.

  Os sistemas de produción en Galicia cumpren co medio ambiente e co benestar animal.

  Os consumidores agradecen unha información transparente e obxectiva.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Problemática

- No campo: é necesaria unha progresiva reestruturación das explotacións, a súa profesionalización e fomentar o relevo xeracional.
- Na industria cárnica: é necesario un redimensionamento empresarial que as faga máis competitivas e unha maior aposta pola innovación.
- No caso da distribución e da comercialización: é fundamental a correcta etiquetaxe da carne, o seu posicionamento no lineal e a xeración de imaxe de marca.
- En canto aos consumidores: hai unha serie de tendencias sociais e opinións interesadas en contra da produción e do consumo de carne que é necesario contrarrestar.
- Finalmente, hai veces que se vota en falta unha maior coordinación e colaboración entre entidades sectoriais, administracións e incluso medios de comunicación, a prol dun sector que é estratéxico para Galicia.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Perspectivas

- Cada vez hai máis preocupación nas administracións e na sociedade co que se da en chamar a "España vaciada". Ante esa situación o sector ten moito que dicir, xa que a produción de carne xoga un papel fundamental na fixación de poboación no territorio (con especial importancia nas zonas de montaña e desfavorecidas do interior).

- A sociedade e os cidadáns cada vez están máis preocupados e concienciados co "cambio climático". A produción de carne en Galicia baséase no pastoreo e no aproveitamento forraxeiro, polo que sempre respectou o medio ambiente, axuda a prever os incendios forestais e actúa como sumidoiro das emisións de co_2.

- A reforma da PAC e a súa adaptación ao "Pacto Verde Europeo" busca respectar e conservar os recursos naturais coa introdución dos ecoesquemas. A produción de carne en Galicia sempre tivo en conta o equilibrio, a simbiose home-terra-gando, polo que vai nesa liña.

A PRODUCIÓN DE CARNE EN GALICIA: Perspectivas

- As condicións climáticas e edafolóxicas de Galicia son idóneas para a produción de carne, porque dependemos menos dos mercados mundiais de materias primas e podemos aforrar custos na alimentación do gando.

- A simbiose histórica onde o gando en moitas explotacións galegas practicamente forma parte da familia, fai que esteamos en condicións de poder cumprir as esixencias en canto ao benestar animal.

- O prestixio da nosa carne e a existencia dunha denominación de calidade recoñecida, como é a IXP Ternera Gallega, abre portas no mercado, permite acadar un diferencial de prezo e xera valor engadido para o sector. Nesa liña tamén se creou a IXP Vaca Galega/Boi Galego.

- Na Unión Europea gañan importancia os agricultores e gandeiros como "productores de alimentos" e garantes da soberanía e seguridade alimentaria, e como coidadores dos recursos naturais. Polo tanto, hai argumentos suficientes a favor do sector cárnico para ser optimistas.

A IXP TERNERA GALLEGA.- Balance

Valoración dos consumidores:

- O 70% dos consumidores españoles coñece a IXP TG.
- O 53% opina que TG ofrece máis calidade e garantías.
- O 68% declara que compran, alomenos ocasionalmente, TG.

Premios recibidos polo CR:

- Premio a Promoción da Cociña Galega. Concello de Lalín.
- Premio á Calidade Alimentaria. Premios Agrarios da Consellería.
- Premio ao Desenvolvemento Rural. Fundación ARESA e USC.
- Premio Nacional á Seguridade Alimentaria. Fundación Bamberg.
- Premios e Mencións especiais varias. Círculo Mercantil de Vigo, Asociacións gastronómicas e de consumidores, Premios Carrefour, AECC, ...

VISIÓN DO SECTOR DESDE GALICIA.- Logos UE



LOGO DOP



LOGO IGP


UNA
GANADERÍA
SUPREMA
Y para nosotros, la mejor carne del mundo
TERNERA GALLEGA
SUPREMA
INDICACIÓN GEOGRÁFICA PROTEGIDA
TERNERA GALLEGA
INDICACIÓN GEOGRÁFICA PROTEGIDA